


Informe Situación Laboral

Enxeñaría en Informática | Enxeñaría Técnica en Informática

Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia



elaborado por:



**Colexio Profesional de
Enxeñaría en Informática
de Galicia**

colabora:



**colexio profesional
de enxeñaría técnica en
informática de galicia**

proxecto financiado:





Est documento está bajo una Licencia Creative Commons Atribución-NoComercial 4.0 Internacional.

<http://creativecommons.org/licenses/by-nc/4.0/>

Este documento foi elaborado polo Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG) coa colaboración do Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia (CPETIG) e foi financiado pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

REALIZADO POR



COLABORA




FINANCIA



Índice de Contido

Datos técnicos do Estudo	4
Universo	4
Recollida da información	4
Cuestionario	4
1. Resultados: Enxeñaría en Informática e Enxeñaría Técnica en Informática.....	5
1.1. Formación	5
1.2. Situación laboral.....	7
1.3. Diagnóstico da profesión	26
1.4. Discapacidade e dependencia dos enxeñeiros/as e do seu entorno	27
2. Resultados: Enxeñaría en Informática	31
2.1. Datos clasificatorios	31
2.2. Formación	32
2.3. Situación laboral.....	39
2.4. Diagnóstico da profesión	62
2.5. Relación con organización (colexio)	70
2.6. Discapacidade e dependencia dos enxeñeiros/as e do seu entorno	71
3. Conclusión Informe Situación Laboral	75
Situación laboral	75
4. Conclusións Análise Individual: Enxeñaría en Informática	84
Formación	84
Situación laboral	85
5. ANEXO.Enquisa	94

DATOS TÉCNICOS DO ESTUDO



Datos técnicos do Estudo

Universo

A poboación obxecto do estudo está constituída polas enxeñeiras/licenciadas e enxeñeiros/licenciados en informática e enxeñeiras técnicas/diplomadas e enxeñeiros técnicos/diplomados **adscritos ós seguintes colexios profesionais:**

- Colexio Profesional de Enxeñaría Informática de Galicia (CPEIG)
- Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia (CPETIG).

Considerando dúas categorías de estudo:

- **Enxeñeiras e enxeñeiros colexiados no CPEIG.**
- **Enxeñeiras e enxeñeiros colexiados tanto no CPEIG como no CPETIG.**

Táboa Poboación

<i>Colexiados</i>	Total
Enxeñaría informática	341
Enxeñaría técnica informática	153
Total	494

Deseño mostral

Análise Conxunto (Universo: 494)

- Tamaño da mostra: A mostra consta de 271 enquisas. Coa mostra obtida e un nivel de confianza dun 95,5% o erro mostral é de 4.

Análise dos Colexiados do CPEIG (Universo: 341)

- Tamaño da mostra: A mostra consta de 195 enquisas. Coa mostra obtida e un nivel de confianza dun 95,5% o erro mostral é de 4,69.

Mostra por Sexo

	Homes	Mulleres	Total
Enxeñaría informática	244	97	341
Enxeñaría técnica informática	118	35	153
Total	362	132	494

Recollida da información

A recollida da información realizouse mediante enquisa a través de internet, tendo o cuestionario unha duración media aproximada de 20 minutos.

Na elaboración do estudo e no análise de datos participou a empresa Serviguide Consultoría.

Cuestionario

O cuestionario atópase estruturado en once bloques correspondentes ás seguintes temáticas.

- No bloque 1 analízanse as características sociodemográficas dos titulados en enxeñaría en informática e enxeñaría técnica en informática, para a continuación no bloque 2 estudar a súa formación universitaria e complementaria posterior.
- Do bloque 3 ao bloque 9 estúdanse distintos aspectos relacionados coa situación laboral, e continuase co bloque 10 realizando un diagnóstico da profesión.
- Remata o cuestionario co bloque 11 onde se analizan as distintas relacións dos titulados en enxeñaría en informática e enxeñaría técnica en informática e co Bloque 12 onde se analiza a situación de discapacidade ou dependencia no entorno do colexiado.

1. Resultados: Enxeñaría en Informática e Enxeñaría Técnica en Informática

Os seguintes resultados que se achegan son os obtidos coas respostas dos colexiados tanto en enxeñaría en informática, como en enxeñaría técnica en informática. Ditos resultados aparecen clasificados en diferentes apartados: Formación situación laboral, diagnóstico da profesión e relación con organizacións (colexios ou asociacións).

Convén salientar que neste apartado cando se fai mención os enxeñeiros e enxeñeiras en informática, estase a incluír ós enxeñeiros técnicos e enxeñeiras técnicas.

1.1. Formación

Neste apartado tratarase un punto fundamental, na vida profesional dos titulados en ambas estas dúas titulacións, a súa formación obtida na universidade.


A través da súa percepción dos estudos cursados, a súa valoración e motivación para cursar os mesmos, buscarase obter uns resultados e conclusións sobre a formación obtida en estas dúas titulacións universitarias.

1.1.1. Formación universitaria adquirida no título

Para comezar preguntáselles os participantes na enquisa se volverían a cursar os mesmos estudos (enxeñaría en informática ou enxeñaría técnica en informática). Ante esta pregunta o 70,11% da mostra mostrouse disposto a volver estudar o mesmo título universitario que ten cursado na actualidade. Isto é sintomático dun nivel de satisfacción elevado coa formación obtida na universidade.

Tanto homes coma mulleres **móstranse satisfeitos coa súa formación universitaria** en algún destes dous títulos.

Figura 1. Cursarían a mesma enxeñaría en informática por sexo(%)



De entre as principais motivacións citadas tanto por enxeñeiros en informática como por os enxeñeiros técnicos en informática para cursar os súas respectivas titulacións, destacan principalmente dúas: As saídas laborais e a vocación cun 36,90% e un 46,86% respectivamente.

Destacan sen embargo as diferenzas amosadas entre sexos. Sendo os homes os que aluden a vocación como a súa principal motivación para cursar estes estudos (54,41%), e as mulleres as que sen embargo din facelo polas saídas laborais que estas titulacións teñen (55,22%).

Táboa 1. Motivo principal para cursar os seus estudos (%)


	Homes	Mulleres	Total
Vocación	54,41	23,88	46,86
Saídas laborais	30,88	55,22	36,90
Retribucións económicas	0,49	-	0,37
Prestixio do título	0,49	2,99	1,11
Recomendación de familiares/amigos	4,41	7,46	5,17
Outros Motivos	9,31	10,45	9,59

Preguntados sobre a súa valoración da formación teórica, formación práctica, e adecuación entre os coñecementos técnicos e as esixencias profesionais, obtida na universidade, obtivéronse as seguintes valoracións sobre 5 puntos:

- Formación teórica: 3,80
- Formación práctica: 2,79
- Adecuación entre os coñecementos técnicos e as esixencias profesionais: 2,61

O aspecto co que móstranse máis satisfeitos é coa formación teórica. Polo contrario, a adecuación entre os coñecementos técnicos e as esixencias profesionais e o aspecto peor visto, obtendo aínda así unha valoración media de aprobado.

Figura 2. Valoración media de distintos aspectos relacionados cos estudos cursados por sexo (puntos de 0 a 5)



A valoración media do nivel de satisfacción coa formación obtida na universidade é de 3,37 sobre 5. O que mostra unha certa satisfacción por parte dos titulados tanto en enxeñaría en informática, como en enxeñaría técnica en informática.


Na segregación por sexos son os homes os que se mostran máis satisfeitos, cunha valoración media de 3,39 fronte as mulleres que mostran unha valoración menor a formación obtida con 2,85 puntos sobre 5.

Táboa 2. Nivel de satisfacción coa formación recibida na universidade

	Homes	Mulleres	Total
0	0,98%	0%	0,74%
1	4,90%	2,99%	4,43%
2	12,75%	11,94%	12,55%
3	28,43%	46,27%	32,84%
4	41,18%	29,85%	38,38%
5	11,76%	8,96%	11,07%
Valoración Media (puntos, de 0 a 5)	3,39	2,85	3,37

Ante a pregunta de se gustaríalles recibir máis información sobre a busca de emprego dentro da propia universidade, o 54,98% considéranlo moi necesario.

Figura 3. Necesidade de recibir máis información sobre a busca de emprego dentro da propia universidade(%)



Conclusións do apartado:

- Voltarían cursar a mesma titulación estudada tanto os homes coma as mulleres, e a principal motivación para estudala foi a vocación para eles e as saídas laborais para elas.
- Considéranse moi/bastante satisfeitos coa formación recibida na universidade, valorando máis favorablemente a formación teórica fronte a práctica e a adecuación entre os coñecementos técnicos e as esixencias profesionais.
- Nivel de satisfacción coa formación recibida na universidade é de 3,37 puntos sobre 5, destacando os homes como máis satisfeitos cas mulleres.
- Gustaríalles recibir máis información sobre a busca de emprego dentro da propia universidade.

1.2. Situación laboral

Neste apartado analizamos a situación laboral das enxeñeiras e enxeñeiros en informática e das enxeñeiras e enxeñeiros técnicas en informática. O apartado comeza describindo diversos aspectos das características da situación laboral das enxeñeiras e enxeñeiros en informática:


- Situación laboral (traballo por conta propia, traballo por conta allea, en paro, xubilado/prexubilado/, en busca do primeiro emprego, bolseiro/a de investigación e estudante, considerando tamén dentro do grupo de estudantes aqueles que están a preparar oposicións
 - Cando comezou a traballar
 - Se foi antes ou despois de rematar a enxeñaría en informática
 - Tempo que lle levou atopar o primeiro emprego e o número de empresas nas que traballou ao longo de toda a súa traxectoria profesional.
- Posteriormente analizamos con detalle as seguintes categorías da situación laboral:
- Traballo por conta propia
 - Traballo por conta allea considerando o sector público e o sector privado
 - En busca do primeiro emprego e se está actualmente no paro.

1.2.1. Características da situación laboral

Tan só o 8,49% dos colexiados/as non dispón de traballo na actualidade, destacando dentro desde grupo os parados cun 5,54%.


A gran maioría dos titulados tanto en enxeñaría en informática, como en enxeñaría técnica en informática, encontrase traballando ou ben por conta propia ou ven por conta allea (91,51%). Destacan dentro deste grupo os que o fan por conta allea, supoñendo un 80,44% do total.

Figura 4. Situación laboral(%)




Na segregación entre sexos aprécianse algunhas diferenzas, tendo as mulleres unha taxa de paro lixeiramente superior. Ademais a maioría das mulleres traballan por conta allea (86,57%) e case ningunha por conta propia(2,99%), sen embargo os homes están máis repartidos entre conta allea (78,43%) e conta propia (13,73%).

Figura 5. Situación laboral por sexo(%)



A hora de buscar un emprego relacionado cos seus estudos, tanto para homes como para mulleres destaca que a maioría o obtiveron nun prazo inferior a un mes, o que é un dato moi positivo

Figura 6. Tempo que lle levou atopar o primeiro emprego por sexo(%)



O número medio de empresas no que unha persoa titulada en algunha destas titulacións universitarias traballou o longo da súa traxectoria profesional é de 3,24 empresas.

Non existen grandes diferenzas significativas por sexo, presentando unha lixeira porcentaxe máis elevada as mulleres que os homes.

Táboa 3. Numero de empresas nas que traballou durante toda a súa traxectoria profesional(%)

	Homes	Mulleres	Total
1	12,75	16,42	13,65
2	23,04	14,93	21,03
3	28,43	26,87	28,04
4	18,63	25,37	20,30
5	7,84	4,48	7,01
6	2,94	1,49	2,58
7	7,00	4,00	11,00
Máis de 7	5,00	3,00	8,00
NS/NC	1,00		1,00
Media	3,19	3,37	3,24

A categoría de traballo por conta allea representa un 80,44% do total da situación laboral das enxeñeiras e enxeñeiros en informática e encóntrase dividida nas seguintes subcategorías :

- Traballo no sector público (24,72%): administración pública ou empresa pública.
- Traballo no sector privado (55,72%): sector TIC ou sector non relacionado coas TIC.

Por conta propia apenas un 11,07%

Táboa 4. Situación laboral das enxeñeiras e enxeñeiros en informática por sector onde traballan(%)

		Homes	Mulleres	Total	
Conta allea	Sector público	Administración pública/empresas pública	25,49	67,16	24,72
	Sector privado: empresa privada	Sector TIC	33,33	47,76	36,90
		Sector non TIC	19,61	16,42	18,82
		NS/NC	-	-	-
		Total	52,94	64,18	55,72
		78,43	86,57	80,44	
Conta Propia		13,73	2,99	11,07	

Conclusións do apartado:

- A maioría das enxeñeiras e enxeñeiros en informática (80,44%) traballan, principalmente por conta allea. En situación de desemprego tan só atopamos un 5,54% (en paro e en busca do primeiro emprego), onde a pesar de ser unha porcentaxe tan pouco representativa seguen a ser as mulleres as que superan aos homes neste aspecto.
- Atopan o primeiro emprego en menos dun mes a metade deles, e na súa traxectoria profesional levan traballando nunha media de 3,24 empresas diferentes. As mulleres tardan máis en atopar emprego cos homes e son menos constantes no emprego encontrado, cambiando máis de empresa, posto que presentan unha porcentaxe maior de número de empresas diferentes onde traballaron.
- O traballo por conta allea desenvólveno preferentemente nunha empresa do sector privado pertencente ao sector das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC).

1.2.1.1. Traballo por conta propia

Dentro da mostra, sobre a que se realiza o estudo, so o 11,07% deles traballan por conta propia. Isto provoca que o resultados non sexan representativos da situación laboral deste sector.

1.2.1.2. Traballo por conta allea

No seguinte apartado analízanse os datos dos titulados, tanto en enxeñaría en informática, como en enxeñaría técnica en informática que están a traballar por conta allea.. Para comezar fase referencia as características xerais deste sector (xornada laboral, tipo de contrato...) para logo proceder a un análise dividido en dous subapartados :


- Sector público (Administración e Empresa pública)
- Sector Privado (Sector TIC e sector non relacionado co TIC)

1.2.1.2.1. Características do traballo por conta allea

Xornada laboral

A xornada laboral pode ser de dous tipos diferentes, ou ben a tempo parcial, ou ben a tempo completo. Se atendemos os datos obtidos, a xornada completa é a que maior numero dos que traballan por conta allea fano cunha xornada laboral completa, 98,17%. Polo outro lado, a xornada laboral a tempo parcial non supón un dato representativo da mostra, xa que tan so o 1,83% teñen este tipo de xornada.

Na segregación por sexos observamos que hai máis mulleres que traballan a tempo parcial, 2,20 puntos porcentuais máis que os homes.



Se estudamos a media de anos que estas persoas levan traballando por conta allea vemos que tan só un 2,75% levan traballando menos de un ano nestas condicións. A media de anos traballando como asalariados e de máis de 9 anos.

Táboa 5. Tempo que levan traballando como asalariado(%)


		Homes	Mulleres	Total
Menos dun ano	De 1 a 3 meses	0,63	-	0,46
	De 4 a 6 meses	-	1,72	0,46
	De 7 a 12 meses	1,88	1,72	1,83
	Total	2,51	3,44	2,75
De 1 a 3 anos		6,25	1,72	5,05
De 4 a 6 anos		10,00	22,41	13,30
De 7 a 9 anos		26,25	25,86	26,15
De 10 a 12 anos		18,13	5,17	14,68
Máis de 12 anos		36,88	41,38	38,07

Tipo de contrato

Observando os datos do tipo de contrato que teñen tanto os titulados en enxeñaría en informática, como en enxeñaría técnica en informática, que traballan por conta allea vemos que existe unha grande estabilidade neste sector. Isto é así xa que un 77,98% da mostra ten un contrato indefinido ou fixo.

A inestabilidade laboral non existe nin para os homes nin para as mulleres, tal e como aparece reflectido nas altas porcentaxes de contratos indefinidos ou fixos acadados. A porcentaxe é maior nos homes, con máis de 7 puntos porcentuais de diferenza, pero aínda así o 72,41% das mulleres teñen contrato indefinido.

Figura 8. Tipo de contrato(%)




Tipo de exercicio profesional

O exercicio profesional máis realizado por enxeñeiros e enxeñeiras en informática e a elaboración de proxectos informáticos, seguido da dirección destes proxectos informáticos, cun 43,58% e un 24,77% respectivamente.

Tamén cabe destacar que os traballos de elaboración de proxectos informáticos recaen con máis frecuencia nas mulleres que nos homes cunha diferenza de 13,45 puntos porcentuais. Sen embargo pasa xusto contrario na dirección destes proxectos informáticos, onde os homes asumen esta tarefa un 10% máis que as mulleres.

Figura 9. Tipos de exercicio profesional por sexo(%)



Os enxeñeiros e enxeñeiras en informática ante as afirmacións “Os proxectos informáticos sempre deberían ir asinados polo seu autor” e “As enxeñeiras e enxeñeiros en informática deberían ter


atribucións para que soamente que posúa o título poida asinar os proxectos informáticos” móstranse moi de acordo con ámbalas dúas . Cunhas porcentaxes do 63,30% e dun 72,94% respectivamente.

Táboa 6. Valoración das seguintes afirmacións

		Homes	Mulleres	Total
Os proxectos informáticos sempre deberían ser asinados polo tutor	Moi de acordo	64,38%	60,34%	63,30%
	Bastante de acordo	29,38%	32,76%	30,28%
	Pouco de acordo	6,25%	5,17%	5,96%
	Nada de acordo	0%	1,72%	0,46%
	NS/NC	0%	0%	0%
	Valoración Media (puntos, de 0 a 4)	3,58	3,52	3,56
As enxeñeiras/os en informática e técnicos en informática deberían ter atribucións para que soamente quen posúa o título poida firmar os proxectos informáticos	Moi de acordo	71,88%	75,86%	72,94%
	Bastante de acordo	16,88%	18,97%	17,43%
	Pouco de acordo	8,75%	3,45%	7,34%
	Nada de acordo	2,50%	1,72%	2,29%
	NS/NC	0%	0%	0%
	Valoración Media (puntos, de 0 a 4)	3,58	3,69	3,61

Preguntados pola súa opinión acerca do visado dos proxectos, tanto homes coma mulleres coinciden en que deberían visarse dependendo da súa natureza e independentemente do seu destinatario final (62,82%)

Figura 10. Opinión sobre o visado dos proxectos informáticos por sexo(%)




Tipo de empresa

Para realizar este estudo clasificamos o tipo de empresa en dous grupos principais:

- Sector público(Administración pública ou empresa pública)
 - Sector privado(Estatal ou multinacional): Sector TIC ou sector non relacionado coas TIC.
- Os traballadores por conta allea traballan principalmente nunha empresa de tipo privada cun 69,27%, sendo a privada estatal a de máis representatividade (36,70% do total).

Polo outro lado a administración e empresas públicas, supoñen o restante 30,73% dos que tan só un 4,59% pertencen a empresa pública.

Figura 11. Tipo de empresa(%)



Segundo o criterio da Union Europea, o tamaño das empresas depende fundamentalmente do número de empregados. Segundo isto as empresas poden ser dos seguintes tipos:

- Microempresa: menos de 10 persoas asalariadas
- Pequena empresa: entre 10 e 49 persoas asalariadas
- Mediana empresa: entre 50 e 249 persoas asalariadas
- Gran empresa: 250 ou máis persoas asalariadas

Segundo esta clasificación máis da metade da mostra traballan nunha grande empresa, con máis de 250 traballadores, sendo as pequenas e medianas empresas (PEMES) as que menos importancia teñen para este colectivo.

Táboa 7. Número de traballadores aproximado na empresa onde traballa actualmente(%)

	Homes	Mulleres	Total
Menos de 10 traballadores	3,13	1,72	2,75
Entre 10 e 49 traballadores	10,63	10,34	10,55
Entre 50 e 249 traballadores	20,63	17,24	19,72
Máis de 250 traballadores	65,63	70,69	66,97
NS/NC	-	-	-

Un traballador por conta allea pode ter 3 niveis de responsabilidade, estratéxico, táctico, e operativo. Segundo esta clasificación o nivel de responsabilidade máis común tanto dos enxeñeiros en informática, como de enxeñeiros técnicos en informática e o de nivel operativo, cun 59,17%, sendo o máis habitual ser un técnico con responsabilidade e/ou autoridade, que chega a liderar proxectos de maneira puntual (35,78%).

O nivel de responsabilidade menos representativo é o estratéxico, con apenas un 2,75%.

Táboa 8. Nivel de responsabilidade(%)


			Homes	Mulleres	Total
Nivel Estratéxico	2,75%	Decide sobre o total dos recursos da empresa	3,13	1,72	2,75
Nivel Táctico	38,08%	Nivel táctico: Xestiona unha área ou departamento	25,00	3,45	19,27
		Nivel táctico: Xestiona un equipo permanente	17,50	22,41	18,81
Nivel Operativo	59,17%	Nivel Operativo: Técnico con responsabilidade e/ou autoridade	33,75	41,38	35,78
		Nivel Operativo: Técnico sen responsabilidades e/ou autoridade	20,63	31,03	23,39
NS/NC					

Distribución xeográfica

O 66,07% dos colexiados tanto en enxeñaría en informática, como en enxeñaría técnica e informática, que traballan por conta allea fora de Galicia móstranse dispostos a traballar nesta comunidade nas actuais condicións de mercado.


Destaca a diferenza entre homes e mulleres, sendo eles os que móstranse máis dispostos a traballar en Galicia cunha diferenza de máis de 15 puntos porcentuais.

Figura 12. Traballaría en Galicia(%)




Preguntados pola motivación que terían para traballar en Galicia a resposta máis estendida e por razóns familiares cun 35,14%. A orixe galega e a mellora na calidade de vida tamén son motivacións moi importantes para os enquisados cun 29,73% cada unha de elas.

Figura 13. Motivación para traballar en Galicia(%)



Dos enxeñeiros e enxeñeiras que traballan en Galicia un 51,35% estaría dispostos a traballar noutra comunidade. Dos cales un 10,81% traballaría noutra comunidade con toda seguridade.

Figura 14. Traballaría noutra comunidade(%)



A metade dos titulados tanto en enxeñaría en informática, como en enxeñaría técnica e informática aluden a ascender profesional e economicamente como principal motivación para traballar nunha comunidade diferente a Galicia.

Táboa 9. Motivación principal para traballar noutra comunidade(%)

	Total
Por non ser galego	-
Para mellorar a calidade de vida	28,57
Por razóns familiares	-
Para ascender profesional e economicamente	50,00
Outras	21,43
NS/NC	-

Conclusións do apartado:

Xornada laboral

- Un 98,17% traballa a xornada completa, e tan só un 1,83% faino a tempo parcial. A porcentaxe de mulleres que traballa a xornada parcial e algo maior ca de homes, con unha diferenza de 2,20 puntos porcentuais.
- Número medio de anos que os titulados tanto en enxeñaría en informática, como en enxeñaría técnica e informática levan traballando como asalariados é de máis de 9, fronte o 2,75% que leva menos de un ano.
- Tipo de contrato
- 77,98% de contratos indefinidos, e sintomático da estabilidade laboral que teñen os titulados tanto en enxeñaría en informática, como en enxeñaría técnica e informática.

Tipo de exercicio profesional

- Principal exercicio profesional é a elaboración de proxectos informáticos, o que representa un 43,58% do total.
- Máis da metade dos titulados tanto en enxeñaría en informática, como en enxeñaría técnica en informática móstranse de acordo ante as afirmacións “Os proxectos informáticos sempre deberían ir asinados polo seu autor” e “As enxeñeiras e enxeñeiros en informática deberían ter atribucións para que soamente quen posúa o título poida asinar os proxectos informáticos” .

Tipo de empresa

- É máis representativo nos titulados tanto en enxeñaría en informática, como en enxeñaría técnica en informática o traballo no sector privado (estatal o multinacional) que o público.
- A gran maioría dos titulados tanto en enxeñaría en informática, como en enxeñaría técnica informática traballan nunha grande empresa (66,97%). Destaca a escasa relevancia das PEMES (13,3%)
- O principal nivel de responsabilidade é ocupar un posto de técnico con responsabilidade e/ou autoridade (35,78%) chegando a liderar proxectos puntualmente.

Distribución xeográfica

- Máis da metade dos que traballan fora de Galicia gustaríalles traballar nesta comunidade nas actuais condicións de mercado, destacando o maior interese dos homes. Os principais motivos serían por razóns familiares ou mellora na calidade de vida.
- Do mesmo xeito, os que traballan en Galicia estarían dispostos a traballar noutra comunidade nun 51,35%. Ascender económica e laboralmente sería a principal razón para realizar este cambio.

1.2.1.2.2. Traballo no sector público

No seguinte apartado analizaremos os datos obtidos para os titulados tanto en enxeñaría en informática, como en enxeñaría técnica e informática que traballan no sector público. Estudaranse parámetros como o tipo de administración para a que traballan, a súa situación laboral previa, ou a compatibilización con outros traballos.

De todos os colexiados tanto en enxeñaría en informática, como en enxeñaría técnica en informática un 24,72% traballan por conta allea no sector público.

Dentro da administración pública dividiuse en diferentes categorías:

- Administración local
- Administración autonómica
- Administración estatal
- Forzas e corpos da seguridade

Dentro destas categorías, na que máis titulados tanto en enxeñaría en informática, como en enxeñaría técnica en informática traballan é na administración autonómica, cun 63%. Destaca tamén que dentro

da mostra non haxa ninguén que traballe para as forzas e corpos de seguridade, o que denota a pouca representatividade desta categoría dentro dos enxeñeiros e enxeñeiras en informática.

Na segregación por sexos destaca a maior porcentaxe de mulleres na administración local e de homes na administración autonómica.

Figura 15. Tipo de administración(%)





Figura 16. Tipo de administración por sexo(%)



Un de cada dous titulados tanto en enxeñaría en informática, como en enxeñaría técnica en informática (52,24%) traballa no grupo que lle corresponde polo título que estudaron, o resto dos grupos teñen unha representatividade moito menor.


Táboa 10. Grupo(%)

	Homes	Mulleres	Total
Grupo A1	51,92	53,33	52,24
Grupo A2	30,77	40,00	32,84
Grupo B	5,77	6,67	5,97
Grupo C1	9,62	-	7,46
Grupo C2	1,92	-	1,49
NS/NC	-	-	-

O 74,63% dos titulados tanto en enxeñaría en informática, como en enxeñaría técnica en informática que traballan para a administración pública, acada este posto traballando previamente como asalariados.


Destaca que case un 25% dos homes chega sen experiencia laboral, e sen embargo só o 6,67% das mulleres faíno de este modo.

Figura 17. Situación laboral previa a chegada a administración por sexo(%)



Un 22,39% dos que traballan para administración pública compatibilizan o seu traballo con outras actividades remuneradas. Na segregación por sexos non se aprecian diferenzas salientables, os homes teñen unha porcentaxe maior de compatibilización, pero só de un 3,08%.

Figura 18. Compatibilización do traballo(%)



Conclusións do apartado:

- A maioría titulados tanto en enxeñaría en informática, como en enxeñaría técnica en informática que traballan para a administración pública, fano para a administración autonómica, e dentro do grupo A. Catro de cada cinco, anteriormente traballaban como asalariado no sector privado.
- Con respecto a compatibilización con outros traballos remunerados, hai un 22,39% que si o fai.

1.2.1.2.3.Traballo no sector privado

Neste apartado analizamos as características dos titulados tanto en enxeñaría en informática, como en enxeñaría técnica en informática que traballan por conta allea, pero na empresa privada, tanto estatal coma multinacional

De todos os enxeñeiros e enxeñeiras en informática un 55,72% traballan por conta allea no sector privado.

Dentro do sector privado dividiuse en diferentes categorías:

- Sector TIC
- Sector non relacionado coas TIC

O sector das TIC é onde máis titulados tanto en enxeñaría en informática, como en enxeñaría técnica en informática traballan, cun 66,23% dos que traballan no sector privado. En sectores non relacionados coas TIC é onde sitúanse o restante 33,77%.

Destaca a maior presenza de mulleres no sector TIC, con case 12 puntos porcentuais de diferenza con respecto aos homes.

Figura 19. Tipoloxía da empresa privada(%)





Figura 20. Tipoloxía da empresa privada por Sexo(%)




Traballo nas empresas do sector TIC

Neste apartado se estudan as empresas do sector TIC, e as actividades ás que se dedican.

Dentro do sector das TIC, a actividade da empresa é de provedora de servizos informáticos, actividade a que se dedican o 52% deste sector. Tamén ten un papel destacado, cun 41%, as empresas consultoras.

As actividades de “consultaría”, dedica máis importante, realizase principalmente por mulleres, cunha gran diferenza cos homes. O 56,25% das mulleres dedícanse a estas tarefas, fronte o 33,82% dos homes, o que supón unha diferenza de máis de 22 puntos porcentuais.

Figura 21. Principal actividade da empresa ou institución por sexo(%)



Conclusións do apartado:


A maioría dos titulados tanto en enxeñaría en informática, como en enxeñaría técnica en informática que traballan no sector TIC o fan en empresas provedoras de servizos informáticos.

Traballo nas empresas doutros sectores non relacionados coas TIC

A continuación analízanse as respostas dos titulados tanto en enxeñaría en informática, como en enxeñaría técnica en informática, que traballan nunha empresa privada dedicada a un sector non relacionado coas TIC.

O primeiro punto a analizar é o sector a o que se dedican as empresas nas que traballan. Atendendo os resultados observamos que o 21,57% destas empresas están relacionadas coas actividades inmobiliarias, sendo o principal sector das empresas non relacionadas coas TIC. Outros sectores con gran representatividade son a educación, investigación, sanidade, os téxtiles, e outras industrias manufactureiras cun 9,8% cada unha de elas.

Figura 22. Principais sectores da empresa por sexo(%)




Para saber os tempos que os colexiados tanto en enxeñaría en informática, como en enxeñaría técnica en informática dedícanlle a cada actividade, clasificamos tres grupos principais de tarefas:

- Tarefas técnicas
- Tarefas de xestión, administración e dirección
- Tarefas comerciais.

Analizando as porcentaxes medias, vemos que ás tarefas técnicas dedícanlle máis da metade do seu tempo, cun 55,49%, seguidas polas tarefas de xestión (34,31%) e das comerciais (15,88%)


Figura 23. Porcentaxe media do tempo dedicado a cada tarefa por sexo(%)



O 54,90% dos colexiados tanto en enxeñaría en informática, como en enxeñaría técnica en informática consideran que o seu traballo é exclusivo, e dicir, que ninguén con outra formación podería realizalo.

Neste apartado destaca a gran diferenza entre sexos, onde destacan as mulleres como as que máis exclusivo consideran o seu traballo, cun 72,73%. Sen embargo os homes teñen opinións divididas, xa que están o 50% entre os que consideran que fan un traballo exclusivo e os que non.

Figura 24. Exclusividade por sexo(%)




Pedíuselles aos enquisados que valorasen unha serie de aspectos do traballo que desempeñan e o grao de importancia de cada un deles. Realizáronse valoracións sobre catro puntos. Vemos que consideran importantes todos os aspectos, destacando por enriba de todos a capacidade de adaptación e aprendizaxe.

Táboa 11. Valoración media dos seguintes aspectos

		Homes	Mulleres	Total
Coñecemento técnico	Moi importante	80%	90,91%	82,35%
	Bastante importante	15%	0%	11,76%
	Pouco importante	5%	9,09%	5,88%
	Nada importante	0%	0%	0%
	NS/NC	0%	0%	0%
	Valoración Media (puntos, de 0 a 4)	3,75	3,82	3,76
Coñecemento do sector e da actividade na que está a empresa	Moi importante	52,50%	54,55%	52,94%
	Bastante importante	32,50%	45,45%	35,29%
	Pouco importante	12,50%	0%	9,80%
	Nada importante	2,50%	0%	1,96%
	NS/NC	0%	0%	0%
	Valoración Media (puntos, de 0 a 4)	3,35	3,55	3,39
Posuir unha cultura máis xeral que especialista	Moi importante	15%	9,09%	13,73%
	Bastante importante	52,50%	63,64%	54,90%
	Pouco importante	30%	27,27%	29,41%
	Nada importante	2,50%	0%	1,96%
	NS/NC	0%	0%	0%
	Valoración Media (puntos, de 0 a 4)	2,80	2,82	2,80
Capacidade de adaptación e aprendizaxe	Moi importante	90%	100%	92,16%
	Bastante importante	10%	0%	7,84%
	Pouco importante	0%	0%	0%
	Nada importante	0%	0%	0%
	NS/NC	0%	0%	0%
	Valoración Media (puntos, de 0 a 4)	3,90	4,00	3,92

Figura 25. Valoración media dos seguintes aspectos(puntos, de 0 a 4)



Conclusións do apartado:

- O principal sector o que se dedican as empresas non relacionadas coas TIC é as “actividades inmobiliarias”.
- As persoas enquisadas consideran, nun 54,90%, que o seu posto de traballo é exclusivo, e non podería ser cuberto por alguén con outra titulación.
- Consideran que o máis importante nun traballo nunha empresa non relacionada coas TIC é a “capacidade de adaptación e aprendizaxe”.

Aspectos xerais do posto de traballo desempeñado no sector privado

Neste apartado analizamos distintos aspectos xerais dos traballos desempeñados polos colexiados tanto en enxeñaría en informática, como en enxeñaría técnica en informática na empresa privada (estatal ou multinacional), independentemente do sector ao que pertence a empresa. Dentro destes aspectos están: tempo traballado na empresa privada actual, número de horas semanais traballadas, necesidade de recibir formación específica no posto desempeñado na empresa privada, se traballa na zona xeográfica desexada e as valoracións de distintos aspectos e afirmacións do posto de traballo actual na empresa privada.

Os titulados enquisados levan traballando na empresa privada actual una media de 7,14 anos, una cantidade de tempo significativa. Isto unido a que tan só o 9,80% levan traballando na súa empresa menos de un ano, indica un certo nivel de estabilidade para estes profesionais.

Táboa 12. Tempo que levan traballando na empresa privada(%)

		Homes	Mulleres	Total
Menos dun ano	Menos de 1 mes	-	9,09	1,96
	De 1 a 3 meses	2,50	-	1,96
	De 7 a 12 meses	5,00	9,09	5,88
Menos dun ano		7,50	18,18	9,80
De 1 a 3 anos		20,00	27,27	21,57
De 4 a 6 anos		7,50	27,27	11,76
De 7 a 9 anos		22,50	18,18	21,57
De 10 a 12 anos		15,00	9,09	13,73
Máis de 12 anos		27,50	-	21,57
Total		100,00	100,00	100,00

A xornada laboral media na empresa privada e de 43,73 horas semanais. Con xornadas moi similares tanto en homes coma en mulleres.


Táboa 13. Numero de horas semanais traballadas(%)

	Homes	Mulleres	Total
Menos de 35h	7,50	-	5,88
De 35 a 39h	20,00	18,18	19,61
De 40 a 49h	55,00	63,64	56,86
50h ou máis	17,50	18,18	17,65
NS/NC	-	-	-
Media	43,53	44,45	43,73

Pedíuselles os titulados tanto en enxeñaría en informática, como en enxeñaría técnica en informática que valorasen distintos aspectos do seu actual posto de traballo na empresa privada, indicando o seu grao de satisfacción con eles. En xeral, presentan unha gran satisfacción co *contido do traballo*, seguido pola *súa valoración dentro da empresa e a satisfacción xeral coa empresa*.

O aspecto peor valorado dentro da empresa privada é a posibilidade de promoción cun 2,18 sobre 4 puntos

Figura 26. Valoracións medias dos seguintes aspectos do actual posto de traballo(puntos, de 0 a 4)



Con estes datos podemos ver que cos aspectos cos que están máis satisfeitos os titulados tanto en enxeñaría en informática, como en enxeñaría técnica en informática son o “contido do traballo” e “a súa valoración dentro da empresa”. Os valores obtidos para moi/bastante satisfeitos:

- o contido do traballo 80,66%
- A remuneración 60,78%
- A posibilidade de promoción 36,25%
- A súa valoración dentro da empresa 70,59%
- Satisfacción xeral coa empresa 66,67%


Táboa 14. Valoracións medias dos seguintes aspectos do actual posto de traballo

		Homes	Mulleres	Total
O contido do traballo	Moi satisfeito	30%	45,45%	33,33%
	Bastante satisfeito	47,50%	45,45%	47,06%
	Pouco satisfeito	22,50%	9,09%	19,61%
	Nada satisfeito	0%	0%	0%
	NS/NC	0%	0%	0%
	Valoración Media (puntos, de 0 a 4)	3,08	3,36	3,14
A remuneración	Moi satisfeito	12,50%	5,00	9,80%
	Bastante satisfeito	45%	72,73%	50,98%
	Pouco satisfeito	35%	27,27%	33,33%
	Nada satisfeito	7,50%	0%	5,88%
	NS/NC	0%	0%	0%
	Valoración Media (puntos, de 0 a 4)	2,63	2,73	2,65
A posibilidade de promoción	Moi satisfeito	5%	0%	3,92%
	Bastante satisfeito	32,50%	36,36%	33,33%
	Pouco satisfeito	40%	36,36%	39,22%
	Nada satisfeito	22,50%	27,27%	23,53%
	NS/NC	0%	0%	0%
	Valoración Media (puntos, de 0 a 4)	2,20	2,09	2,18
A súa valoración dentro da empresa	Moi satisfeito	17,50%	45,45%	23,53%
	Bastante satisfeito	50%	36,36%	47,06%
	Pouco satisfeito	25%	18,18%	23,53%
	Nada satisfeito	7,50%	0%	5,88%
	NS/NC	0%	0%	0%
	Valoración Media (puntos, de 0 a 4)	2,78	3,27	2,88
Satisfacción xeral coa empresa	Moi satisfeito	15%	36,36%	19,61%
	Bastante satisfeito	47,50%	45,45%	47,06%
	Pouco satisfeito	35%	18,18%	31,37%
	Nada satisfeito	2,50%	0%	1,96%
	NS/NC	0%	0%	0%
	Valoración Media (puntos, de 0 a 4)	2,75	3,18	2,84

Pedíuselles os colexiados tanto en enxeñaría en informática, como en enxeñaría técnica en informática que valorasen distintas afirmacións sobre o actual posto de traballo na empresa privada, sendo as seguintes afirmacións valoradas con puntuacións similares.

Na segregación por sexos tampouco atópanse grandes diferenzas, mostrándose en todos os casos bastante de acordo coas afirmacións.


Figura 27. Valoracións das seguintes afirmacións do actual posto de traballo(puntos, de 0 a 4)



Preguntados pola súa liña profesional, e se correspóndese coas súas expectativas ao inicio do título, os titulados tanto en enxeñaría en informática, como en enxeñaría técnica en informática teñen opinións divididas, onde pouco máis da metade (52,94%) mostrase insatisfeito.

Na segregación por sexos destacan as mulleres como as máis insatisfeitas coa súa liña profesional , onde o 72,73% delas considera que a súa liña profesional non se corresponde coas súas expectativas. Pola contra os homes si móstranse satisfeitos nun 52,50% dos casos.

Figura 28. Liña profesional(%)



Conclusións do apartado:

- Os titulados tanto en enxeñaría en informática, como en enxeñaría técnica en informática levan traballando por conta allea na empresa privada unha media de 7,14 anos.
- A xornada laboral neste tipo de empresa ten unha media de 43,73 horas semanas.
- Mostrase bastante/moi satisfeito cos aspectos “contido do traballo”, e “a súa valoración dentro da empresa”.
- Tanto homes coma mulleres considéranse bastante de acordo coas afirmacións “o título está ben considerado dentro do ámbito da empresa” e “os coñecementos adquiridos durante o título fóronlle de utilidade”
- Aproximadamente a metade consideran que a su aliña profesional non coincide coas súas expectativas ao inicio do título, sendo as mulleres as menos satisfeitas.

1.3. Diagnóstico da profesión

No seguinte punto recóllense as opinións que os titulados tanto en enxeñaría en informática, como en enxeñaría técnica en informática teñen sobre o estado da súa profesión. Analizarase a situación actual, a súa previsión sobre a evolución da mesma e a busca de opcións alternativas.

1.3.1. Percepción da situación profesional actual

Preguntados pola súa opinión sobre a situación profesional actual os titulados tanto en enxeñaría en informática, como en enxeñaría técnica en informática danlle unha valoración media de 2,32 puntos sobre 5. Isto indica que o grao de satisfacción coa situación actual non é moi bo.

A cualificación máis común é a de 3, regular, cun 35,42%. Destaca tamén que tan só o 1,11% dálle unha valoración a situación profesional actual de 5 puntos, moi boa.

Táboa 15. Situación profesional actual

	Homes	Mulleres	Total
0	4,90%	0%	3,69%
1	17,16%	19,40%	17,71%
2	22,06%	20,90%	21,77%
3	34,80%	37,31%	35,42%
4	15,69%	11,94%	14,76%
5	0,49%	2,99%	1,11%
NS/NC	4,90%	7,46%	5,54%
Valoración Media (puntos, de 0 a 5)	2,31	2,21	2,32

1.3.2. Percepción da situación profesional nun futuro próximo

A opinión máis estendida dos titulados tanto en enxeñaría en informática, como en enxeñaría técnica en informática, con respecto a evolución da situación profesional nos próximos anos, é que permanecerá igual que agora.

Case a metade, un 43,91%, é da opinión de que seguirá igual que agora.

Táboa 16. Situación profesional dentro de dous anos

	Homes	Mulleres	Total
Mellor que agora	24,02%	20,90%	23,25%
Igual que agora	42,65%	47,76%	43,91%
Peor que agora	28,43%	23,88%	27,31%
NS/NC	4,90%	7,46%	5,54%
Valoración Media (puntos, de 1 a 3)	1,86	1,82	1,85

A situación actual na que se encontra o enquisado, podería influír na súa percepción sobre o futuro a curto prazo. Por iso se analizamos a mesma pregunta anterior só coas respostas dos que traballan no sector privado vemos un lixeiro aumento da valoración media, pero isto debese principalmente a un aumento da opinión “segura igual que agora” co 51,66%. A opinión de que mellorará mostrase incluso máis baixa que no caso anterior.

Táboa 17. Situación profesional na empresa privada dentro de dous anos

	Homes	Mulleres	Total
Mellorará	21,30%	23,26%	21,85%
Manterase igual	50%	55,81%	51,66%
Empeorará	28,70%	20,93%	26,49%
NS/NC	0%	0%	0%
Valoración Media (puntos, de 1 a 3)	1,93	2,02	1,95

1.3.3. Necesidade de explorar outros sectores profesionais

A maioría dos enquisados, consideran que para o futuro da profesión é bastante/moi necesario a busca de opcións alternativas. O 86,50% dos titulados tanto en enxeñaría en informática, como en enxeñaría técnica en informática considéranos bastante/moi necesario.

Táboa 18. Exploración de opcións alternativas


	Homes	Mulleres	Total
Moi necesario	39,71%	35,82%	38,75%
Bastante necesario	47,06%	49,25%	47,60%
Pouco necesario	7,35%	7,46%	7,38%
Nada necesario	0,98%	0%	0,74%
NS/NC	4,90%	7,46%	5,54%
Valoración Media (puntos, de 0 a 4)	3,16	3,06	3,13

1.4. Discapacidade e dependencia dos enxeñeiros/as e do seu entorno

No seguinte apartado analízase a presenza de persoas dependentes no entorno do fogar ou familiar, así como as minusvalías dos propios titulados tanto en enxeñaría en informática como en enxeñaría técnica en informática.


Comezase analizando o número de persoas dentro deste ámbito que posúen unha discapacidade ou son dependentes. O 11,44% dos colexiados tanto en enxeñaría en informática como en enxeñaría técnica en informática teñen algunha persoa dependente no entorno do seu fogar ou no entorno familiar

Figura 29. Persoas dependentes no entorno do seu fogar ou no entorno familiar(%)




O 4,06% dos titulados tanto en enxeñaría en informática como en enxeñaría técnica en informática teñen unha minusvalía certificada do 33% ou superior.

Figura 30. Dispón dun certificado de minusvalía con grao igual o superior o 33%(%)




De todas estas persoas que posúen unha minusvalía ou son dependentes, tan só o 8,82% recibe asistencia ou coidados derivados da súa discapacidade.

Figura 31. Persoas que reciben asistencia ou coidados pola súa discapacidade(%)



O 33,33% dos coidados e asistencias recibidas son de carácter gratuíto. O restante 66,67% das persoas con discapacidades que necesitan asistencia supoñen un desembolso económico.

Figura 32. Os coidados ou asistencias son gratuítos ou supoñen un desembolso económico(%)




Conclusións do apartado:

- Hai un 4,06% de titulados en enxeñaría en informática que teñen unha minusvalía certificada do 33% ou superior. A maiores, un 11,44%, teñen no entorno do seu fogar ou da súa familia algunha persoa con dependencia.
- De todos estes un 8,82% recibe coidados derivados desas discapacidades, das cales so o 33,33% os recibe de forma gratuíta.

RESULTADOS

Enseñaría Informática



2. Resultados: Enxeñaría en Informática

Os resultados que a continuación presentamos corresponden ao título de enxeñaría en informática, englobando os títulos de licenciatura en informática e enxeñaría en informática. Ditos resultados aparecen estruturados en cinco apartados: datos clasificatorios, formación, situación laboral, diagnóstico da profesión e relación con organizacións (colexios ou asociacións).

Actualmente o título de licenciado en informática está extinguido, impartíndose o título de enxeñeiro en informática dende o curso académico 1993/1994 na Facultade de Informática da Universidade da Coruña (campus de Coruña) e dende o curso académico 1999/2000 na Escola Superior de Enxeñaría Informática da Universidade de Vigo (campus de Ourense).


2.1. Datos clasificatorios

Neste apartado analizamos algunhas características sociodemográficas das enxeñeiras e enxeñeiros en informática como son a distribución da mostra por centro onde cursaron a enxeñaría en informática, a distribución da mostra por sexo, a distribución da mostra por idade e as posibles vinculacións con Galicia.

2.1.1. Distribución por universidade

O 70,77% das enxeñeiras e enxeñeiros en informática cursaron os seus estudos na Universidade da Coruña, fronte a un 17,44% que o fixo na Universidade de Vigo. Esta diferenza de porcentaxe débese principalmente a propia historia do título, xa que a primeira promoción de enxeñeiras e enxeñeiros en informática do campus de Ourense terminou os seus estudos no ano 2000, case dez anos máis tarde que a enxeñaría en informática da Coruña. O restante 11,79% cursou os seus estudos noutra universidade diferente. Convén reseñar a ausencia de titulados na Universidade de Santiago de Compostela. Isto é debido ó recente da titulación en Informática desta facultade.

Figura 33. Distribución da mostra por universidade(%)



2.1.2. Características sociodemográficas

A porcentaxe de enxeñeiras informáticas (27,69%) é moi inferior a de enxeñeiros informáticos (72,31%).

Figura 33. Distribución da mostra por sexo (%)





Figura 34. Distribución dos titulados do SUG por sexo(%)



A idade dun titulado en enxeñaría en informática está maioritariamente comprendida entre os 30 e 42 anos, non presentando diferenzas significativas por sexo. A idade media é de 36,93 anos tanto para os homes como para as mulleres. Obtemos que un 10,77% son maiores de 42 anos, o que representa o reducido número de matriculados nos primeiros anos da oferta do título.

Figura 35. Distribución por idade(%)






Figura 36. Distribución por idade e por sexo(%)



Respecto á súa distribución territorial, as enxeñeiras e enxeñeiros en informática residen preferentemente en Galicia, onde naceron (84,10%) e teñen familiares(75,90%). Unha porcentaxe baixa, un 23,08%, reside fóra de Galicia.

Parece lóxico que preferentemente o seu lugar de residencia sexa Galicia, xa que a maioría deles desenvolven o seu labor profesional na nosa comunidade. En concreto, un 71,28% traballa en Galicia, sendo maioritarios os homes con un 11,44% máis.

Figura 37. Vinculación con Galicia por sexo(%)



Conclusións do apartado:

- O perfil dun titulado en enxeñaría en informática é un home, cunha media de idade de 36,93 anos, nado e con familiares en Galicia, que reside e desenvolve o seu labor profesional en Galicia.

2.2. Formación

A formación obtida polos licenciados en enxeñaría informática é clave para o desenrolo da súa vida profesional. Pero nunha profesión coma esta, en constante actualización, os estudos complementarios son tan importantes como os obtidos durante o seu paso pola universidade.

No apartado actual, analizamos ámbolos tipos de formación, tanto a obtida durante o estudo da enxeñaría informática, como a posterior formación complementaria.

Dentro da formación universitaria adquirida na enxeñaría, inicialmente contextualizamos

- A enxeñeira e enxeñeiro en informática polo ano de remate do título, a súa idade media ao remate do título e a posibilidade de posuír máis dun título.

- Posteriormente analizamos a percepción da enxeñeira e enxeñeiro en informática en relación coa formación recibida na universidade, a satisfacción coa enxeñaría estudada e a principal motivación para estudar a enxeñaría, así como a necesidade de obter máis información sobre a busca de emprego na universidade.


Respecto á formación complementaria posterior, estudamos

- Que tipo de formación demandan as enxeñeiras e enxeñeiros en informática despois de rematar a enxeñaría.
- Os medios empregados para acceder a ela, a temática principal así como a súa principal motivación e a utilidade da formación complementaria adquirida.

2.2.1. Formación universitaria adquirida no título


Para comezar analizamos o ano no que as diferentes promocións de enxeñeiras e enxeñeiros en informática remataron os seus estudos. Se observamos a distribución do numero de titulados por ano podemos observar de tempo nos que o numero de enxeñeiros aumento significativamente. A maior cantidade de titulados rematan os seus estudos entre o 1996 e o 1999 e por outro lado, o incremento que se produce entre o 2003 e o 2008.

Figura 38. Mostra das promocións de enxeñeiras e enxeñeiros en informática(%)



O incremento nos titulados durante este período de tempo realizase de forma proporcional tanto en homes coma en mulleres, non aprécianse diferenzas significativas. Sen embargo volve quedar de manifesto a maior cantidade de enxeñeiros que de enxeñeiras en informática.

Figura 39. Mostra das promocións de enxeñeiras e enxeñeiros en informática por sexos(%)



Os titulados en enxeñaría en informática e enxeñaría técnica en informática posúen un dobre título, cando se atopan en calquera das seguintes situacións:

- Licenciado/a en informática e diplomado/a en informática
- Licenciado/a en informática e enxeñeiro/a en informática
- Licenciado/a en informática e enxeñeiro/a técnico/a en informática
- Enxeñeiro/a en informática e diplomado/a en informática
- Enxeñeiro/a en informática e enxeñeiro/a técnico/a en informática
- Diplomado/a en informática e enxeñeiro/a técnico/a en informática
- Enxeñeiro/a técnico/a en informática pero con dúas especialidades: sistemas e xestión

Obtivemos que o 62,5% das enxeñeiras e enxeñeiros en informática posúen un dobre título, isto pode ser debido principalmente a diversas causas:

- Inicialmente cursou unha enxeñaría técnica en informática, para posteriormente, probablemente incorporado ao mercado laboral, continuar estudos de segundo ciclo e acadar a enxeñaría en informática. Esta mesma causa está reflectida nas primeiras promocións de enxeñeiras e enxeñeiros en informática, pero neste caso primeiro cursarían a diplomatura en informática para logo continuar estudando a licenciatura en informática. E finalmente, outra forma de acadar os dous títulos, correspóndese cos licenciados en informática, os cales no momento de implantarse as novas enxeñarías técnicas en informática, obtiveron o título de enxeñaría técnica en informática por convalidación.

Con respecto á desagregación por sexo, non aprecíase unha diferenza significativa entre homes e mulleres, apenas 0,59 puntos porcentuais.

Figura 40. Posúe un dobre título (%)





Figura 41. Posúe un dobre título por sexo(%)



A maioría das enxeñeiras e enxeñeiros en informática, un 75,90%, din que volverían cursar os mesmo estudos en enxeñaría informática. Isto podería ser síntoma dunha grande satisfacción por parte dos titulados coa enxeñaría estudada.

As diferenzas entre sexos son moi pequenas, e dicir, tanto os homes coma as mulleres están satisfeitos cos seus estudos de enxeñaría en informática .


Figura 42. Cursarían a mesma enxeñaría en informática por sexo(%)



Se observamos os motivos dos titulados para haber elixido os estudos en enxeñaría informática vemos que os principais son a *vocación* (47,10%) e as *saídas laborais* (36,92%).

Sen embargo neste caso vemos unha grande diferenza entre os sexos. Os homes elixen estes estudos por motivos vocacionais (56,03% dos homes) e sen embargo as mulleres destacan as saídas laborais (55,56% das mulleres) como principal motivo.


Figura 43. Motivo principal para estudar enxeñaría en informática por sexo(%)



Pedíuselles ás enxeñeiras e enxeñeiros en informática que valorasen distintos aspectos relacionados cos estudos cursados como son a formación teórica, a formación práctica e a adecuación entre os coñecementos técnicos e as esixencias profesionais. Neste caso valoraron moi positivamente a formación teórica recibida (máis dun 70%), mentres que non están de todo satisfeitos coa formación práctica, a cal consideran na súa maioría regular, ocorrendo o mesmo coa adecuación entre os coñecementos técnicos e as esixencias profesionais.

Respecto ás valoracións medias nos anteriores ítems comentados, o ítem que obtén unha valoración media máis positiva é a formación teórica (3,87), seguido dos correspondentes á formación práctica e á adecuación entre os coñecementos adquiridos e as esixencias profesionais.

Figura 44. Motivo principal para estudar enxeñaría en informática por sexo(%)



Táboa 19. Valoración de distintos aspectos relacionados cos estudos cursados

		Homes	Mulleres	Total
Formación teórica	1	0,71%	0,00%	0,51%
	2	6,38%	3,70%	5,64%
	3	18,44%	29,63%	21,54%
	4	50,35%	51,85%	50,77%
	5	24,11%	14,81%	21,54%
	0	0,00%	0,00%	0,00%
	Valoración Media (puntos, de 0 a 5)	3,91	3,78	3,87
Formación práctica	1	9,93%	7,41%	9,23%
	2	19,86%	35,19%	24,10%
	3	34,04%	37,04%	34,87%
	4	24,11%	16,67%	22,05%
	5	9,22%	3,70%	7,69%
	0	2,84%	0,00%	2,05%
	Valoración Media (puntos, de 0 a 5)	2,94	2,56	2,89
Adecuación entre os coñecementos técnicos e as esixencias profesionais	1	12,77%	16,67%	13,85%
	2	21,28%	27,78%	23,08%
	3	36,88%	37,04%	36,92%
	4	23,40%	18,52%	22,05%
	5	3,55%	0,00%	2,56%
	0	2,13%	0,00%	1,54%
	Valoración Media (puntos, de 0 a 5)	2,77	2,57	2,72

O 51,79% dos enxeñeiras e enxeñeiros en informática considéranse moi/bastante satisfeitos coa formación recibida na universidade, cunha valoración media de 3,45 sobre 5 puntos.

Tamén observase unha diferenza entre homes e mulleres no grao de satisfacción coa formación a cargo da universidade. Os homes móstranse moito mas satisfeitos neste aspecto cunha valoración media de 3,49, fronte o 2,78 das mulleres.

Táboa 20. Nivel de satisfacción coa formación recibida na universidade

	Homes	Mulleres	Total
0	0,71%	0%	0,51%
1	4,26%	1,85%	3,59%
2	9,22%	11,11%	9,74%
3	28,37%	50%	34,36%
4	28,37%	25,93%	40,51%
5	28,37%	11,11%	11,28%
Valoración Media (puntos, de 0 a 5)	28,37	2,78	3,45

En canto á necesidade de recibir máis información sobre a busca de emprego dentro da propia universidade as enxeñeiras e enxeñeiros en informática consideran que sería moi/bastante necesario (90,25%) recibir máis información.

Táboa 21. Necesidade de recibir máis información sobre a busca de emprego dentro da propia universidade

	Homes	Mulleres	Total
Moi necesario	53,19%	61,11%	55,38%
Bastante necesario	37,59%	27,78%	34,87%
Pouco necesario	7,09%	9,26%	7,69%
Nada necesario	2,13%	1,85%	2,05%
NS/NC	0%	0%	0%
Valoración Media (puntos, de 0 a 4)	3,42	3,48	3,44

Conclusións do apartado:

- As enxeñeiras e enxeñeiros en informática enquisados son titulados correspondentes ao período de tempo comprendido entre 1992 e 2012.
- Un 61,54% posúe un dobre título en enxeñaría en informática que pode ser: licenciado/a, diplomado/a, enxeñeiro/a ou enxeñeiro/a técnico/a, sendo semellante tanto en homes coma en mulleres
- Voltarían cursar a enxeñaría en informática estudada tanto os homes coma as mulleres e a principal motivación para estudala foi a vocación para eles e as saídas laborais para elas.
- Considéranse moi/bastante satisfeitos coa formación recibida na universidade, valorando máis favorablemente a formación teórica fronte a práctica e a adecuación entre os coñecementos técnicos e as esixencias profesionais.
- O nivel de satisfacción coa formación recibida na universidade é de 3,45 puntos sobre 5, destacando os homes como máis satisfeitos cas mulleres.
- Gustaríalles recibir máis información sobre a busca de emprego dentro da propia universidade.

2.2.2. Formación complementaria posterior a o remate do título


As principais funcións da formación complementaria son a ampliación de coñecementos e a adquisición de coñecementos novos non adquiridos previamente na universidade. Moitos dos traballos relacionados coa informática son multidisciplinares, requirindo polo tanto dunha axeitada "mestura" de coñecementos e habilidades informáticas e doutras disciplinas.

Existen principalmente dous xeitos de ampliaren eses coñecementos, por unha banda continuando estudos universitarios (estudos de 3.º ciclo, másteres ou incluso outros títulos universitarios) ou ben continuando estudos non relacionados coa universidade como poden ser as certificacións profesionais, que recoñecen un tipo e nivel de coñecementos determinados (Microsoft, Sun, Oracle, Cisco, etc...).

Respecto á formación complementaria unha vez rematada a enxeñaría en informática, un 28,72% das enxeñeiras e enxeñeiros en informática continúan estudos de 3.º ciclo e un 25,64% realiza algún máster.

Un 34,36% das enxeñeiras e enxeñeiros en informática acadan certificacións profesionais.

Figura 45. Formación complementaria por sexo(%)




Un 24,62% (homes 24,11% e mulleres 25,93%) realizou outra formación complementaria diferente da anteriormente mencionada.

Os dous principais medios de acceso a esa formación foron: a través dos cursos e seminarios polo CPEIG e dos cursos e seminarios organizados polas institucións publicas.

Tamén ten un papel destacado a autoapredizaxe, cunha porcentaxe preto do 50%

Figura 46. Métodos de obtención da formación complementaria(%)



O principal motivo para seguir estudando é o desenvolvemento ou promoción laboral seguido das carencias na formación previa, aínda que o dato non é significativo xa que o volume de respostas foi baixo nesta cuestión.

Táboa 22. Motivos para continuar estudando(%)

	Homes	Mulleres	Total
Facilitar a procura/mellora de	-	7,89	2,33
Por desenvolvemento ou promoción laboral	17,58	10,53	15,50
Corrixir carencias na formación previa	14,29	-	10,08
Outras razóns	2,20	-	1,55
En Blanco	65,93	81,58	70,54

As ferramentas ou aplicacións específicas, seguidas polos coñecementos de idiomas son a temática principal da formación complementaria. Considéranse determinantes en moitos casos para desenvolver eficientemente o traballo desempeñado, é consecuencia directa da constante evolución en que se atopan as tecnoloxías da información e comunicación.

Táboa 23. Temática da formación complementaria(%)

	Homes	Mulleres	Total
Idiomas	59,34	57,89	58,91
Temas legais	39,56	31,58	37,21
Formación en dirección/empresa	49,45	50,00	49,61
Ferramentas ou aplicacións específicas	84,62	92,11	86,82
Outros	41,76	36,84	40,31

Conclusións do apartado:

- Respecto á formación complementaria posterior ao remate da enxeñaría en informática, pero relacionada coa universidade, 28,72% das enxeñeiras e enxeñeiros en informática continúan

estudios de 3.º ciclo e un 25,64% realiza algún máster. Un 34,36% das enxeñeiras e enxeñeiros en informática acadan certificacións profesionais.

- O principal medio de obtención da formación complementaria é a través dos cursos e seminarios polo CPEIG/CPETIG e dos cursos e seminarios organizados polas institucións públicas, sendo a principal razón para realizar dita formación o desenvolvemento ou promoción laboral. Un 79,5% realiza cursos sobre ferramentas ou aplicacións específicas, destacando un 92,11% de mulleres fronte a un 84,62% de homes

2.3. Situación laboral

Neste apartado analizamos a situación laboral das enxeñeiras e enxeñeiros en informática. O apartado comeza describindo diversos aspectos das características da situación laboral das enxeñeiras e enxeñeiros en informática: situación laboral (traballo por conta propia, traballo por conta allea, en paro, xubilado/prexubilado/, en busca do primeiro emprego, bolseiro/a de investigación e estudante, considerando tamén dentro do grupo de estudantes aqueles que están a preparar oposicións), cando comezou a traballar, se foi antes ou despois de rematar a enxeñaría en informática, tempo que lle levou atopar o primeiro emprego e o número de empresas nas que traballou ao longo de toda a súa traxectoria profesional.

Posteriormente analizamos con detalle as seguintes categorías da situación laboral:


Traballo por conta propia, traballo por conta allea considerando o sector público e o sector privado, en busca do primeiro emprego e se está actualmente no paro.

2.3.1. Características da situación laboral

Un 90,77% das enxeñeiras e enxeñeiros en informática están traballando, fronte a un 9,23% que se atopa nas outras categorías obxecto de estudo (en paro, xubilado, estudante e bolseiro/a).

A maioría das enxeñeiras e enxeñeiros en informática traballan por conta allea, representando un 79,49% do total (homes 77,30% e mulleres 85,19%). O resto de situación presentan unhas porcentaxes moi inferiores, sendo a máis representativa delas traballar por conta propia cunha porcentaxe do 11,28%.


Figura 47. Situación laboral(%)



No caso da desagregación por sexo, destaca a diferenza existente entre os homes e as mulleres, xa que son estas, as que presentan unha porcentaxe maior de paradas (9,26%) fronte aos parados (4,26%). A porcentaxe de homes que traballan (92,19%) é superior á das mulleres (87,04%).

Tamén cabe destacar o escaso número de mulleres que traballan por conta propia (1,85%) fronte o os homes (14,89%).

Figura 48. Situación laboral por sexo(%)




Calculando a diferenza entre o ano que rematou o título e o ano en que empezou a traballar en algo relacionado co título estudado, obtivemos as porcentaxes de enxeñeiras e enxeñeiros en informática que empezaron a traballar antes, o mesmo ano ou despois de rematar a enxeñaría en informática.

Así obtivemos que anos antes de rematar o título un 50,26% traballan, o que resulta unha cifra moi significativa, xa que representa que un de cada dous titulados en enxeñaría en informática traballan en algo relacionado coa súa profesión antes de rematar o título. Case a metade deles traballan o mesmo ano en que rematan o título, e apenas un 2,56% comeza a traballar despois do ano en que remata os estudos.

Estes resultados poñen de manifesto a rapidez coa que as enxeñeiras e enxeñeiros en informática atopan traballo, xa que a maioría empezan a traballar antes ou o mesmo ano en que rematan o título.

Figura 49 . Período no que as enxeñeiras e enxeñeiros en informática empezaron a traballar en algo relacionado coa enxeñaría en informática(%)



A todos os que contestaron que comezaran a traballar antes de rematar os seus estudos, preguntóuselles en que curso estaban matriculados nese intre. Destes, a metade (50,0%) comezou a traballar cando estaba cursando quinto curso.


As porcentaxes incrementáanse a partir de terceiro curso, en consonancia con que moitas enxeñeiras e enxeñeiros técnicos en informática continúan a enxeñaría en informática facendo dous cursos máis, pero a maioría deles xa incorporados ao mercado de traballo.

Táboa 24. Curso no que estaba matriculado cando comezou a traballar(%)

	Homes	Mulleres	Total
Primeiro	2,60	9,52	4,08
Segundo	3,90	-	3,06
Terceiro	20,78	23,81	21,43
Cuarto	23,38	14,29	21,43
Quinto	49,35	52,38	50,00
NS/NC	-	-	-


O tempo medio que as enxeñeiras e enxeñeiros en informática tardan en atopar o primeiro emprego é de 2,46 meses, o cal é unha cifra moi positiva pola súa rapidez.

Figura 50. Tempo que lle levou atopar o primeiro emprego(%)



En canto á desagregación segundo o sexo, obsérvanse pequenas diferenzas con respecto ao tempo medio en atopar o primeiro emprego. Un 56,74% dos homes atopan emprego o primeiro mes, 5 puntos porcentuais máis que a porcentaxe de mulleres.

Figura 51. Tempo que lle levou atopar o primeiro emprego por sexo(%)



Como consecuencia da gran demanda actual destes profesionais, as enxeñeiras e enxeñeiros en informática son capaces de cambiar de empresa ao longo da súa traxectoria profesional. Non obstante, o número medio de empresas nas que traballou en toda a súa traxectoria profesional non é moi elevado, obtendo unha media de 3,18 empresas.

Non existen grandes diferenzas significativas por sexo, presentando unha lixeira porcentaxe máis elevada as mulleres que os homes.

Táboa 25. Numero de empresas nas que traballou durante toda a súa traxectoria profesional(%)

	Homes	Mulleres	Total
1	14,18	16,67	14,87
2	21,28	11,11	18,46
3	31,21	29,63	30,77
4	19,15	27,78	21,54
5	5,67	3,70	5,13
6	2,13	-	1,54
7	3,55	5,56	4,10
Máis de 7	2,13	5,56	3,08
NS/NC	0,71	-	0,51
Media	3,10	3,41	3,18

A categoría de traballo por conta allea representa un 79,49% do total da situación laboral das enxeñeiras e enxeñeiros en informática e encóntrase dividida nas seguintes subcategorías :

- Traballo no sector público (25,64%): administración pública ou empresa pública.
- Traballo no sector privado (53,85%): sector TIC ou sector non relacionado coas TIC.

Táboa 26. Situación laboral das enxeñeiras e enxeñeiros en informática por sector onde traballan(%)

			Homes	Mulleres	Total
Conta allea	Sector público	Administración pública/empresa pública	26,24	24,07	25,64
	Sector privado: empresa privada	Sector TIC	32,62	46,30	36,41
		Sector non TIC	18,44	14,81	17,44
		NS/NC	-	-	-
		Total	51,06	61,11	53,85
			77,30	85,19	79,49
Conta Propia			14,89	1,85	11,28
Total			92,20	87,04	90,77

Conclusións do apartado:

- **Un 90,77% das enxeñeiras e enxeñeiros en informática están traballando.**
- A maioría das enxeñeiras e enxeñeiros en informática (79,49%) traballan, principalmente por conta allea. En situación de desemprego tan só atopamos un 5,64% (en paro e en busca do primeiro emprego), onde a pesar de ser unha porcentaxe tan pouco representativa seguen a ser as mulleres as que superan aos homes neste aspecto.
- Para máis da metade das enxeñeiras e enxeñeiros en informática este acceso ao mercado laboral prodúcese antes de rematar a enxeñaría informática, principalmente en quinto curso, afirmando que desempeñaban un traballo relacionado co título estudado.
- Atopan o primeiro emprego nunha media de 2,46 meses dende que comezou a buscar e na súa traxectoria profesional levan traballando nunha media de 3,18 empresas diferentes. As mulleres tardan máis en atopar emprego cos homes e son menos constantes no emprego encontrado, cambiando máis de empresa, posto que presentan unha porcentaxe maior de número de empresas diferentes onde traballaron.
- O traballo por conta allea desenvólveno preferentemente nunha empresa do sector privado pertencente ao sector das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC).

2.3.1.1. Traballo por conta propia

Dentro da mostra de enxeñeiros e enxeñeiras en informática, sobre a que se realiza o estudo, so 8 deles traballan por conta propia. Isto provoca que o resultados non sexan representativos da situación laboral deste sector, polo que considerase que non se deben presentar os resultados obtidos.

2.3.1.2. Traballo por conta allea

A continuación analízase as características da situación laboral das enxeñeiras e enxeñeiros en informática que están a traballar por conta allea. Para comezar fase referencia as características xerais deste sector (xornada laboral, tipo de contrato...) para logo proceder a un análise desglosado en dous subapartados :

- Sector público (Administración e Empresa pública)
- Sector Privado (Sector TIC e sector non relacionado co TIC)


2.3.1.2.1. Características do traballo por conta allea

Xornada laboral

As opcións da xornada laboral son principalmente dúas, a tempo parcial e a tempo completo. Atendendo os datos obtidos neste estudo observamos que a maioría dos traballadores por conta allea teñen unha xornada laboral a tempo completa, cun 97,42% do total. Pola contra os enxeñeiros ou enxeñeiras en informática que traballan por conta allea cunha xornada laboral a tempo parcial supón apenas un 2,58%.

Con respecto a segregación por sexos observamos unha maior porcentaxe de mulleres con traballo a tempo parcial que de homes. Un 4,35% nas mulleres fronte o 1,83% dos homes.

Figura 52. Xornada laboral



Se estudamos a media de anos que estas persoas levan traballando por conta allea vemos que tan só un 1,94% levan traballando menos de un ano nestas condicións. A media de anos traballando como asalariados é de máis de 9 anos.

Táboa 27. Tempo que levan traballando como asalariado(%)


		Homes	Mulleres	Total
Menos dun ano	De 1 a 3 meses	-	-	-
	De 4 a 6 meses	-	-	-
	De 7 a 12 meses	2,75	-	1,94
	Total	2,75	-	1,94
De 1 a 3 anos		4,59	2,17	3,87
De 4 a 6 anos		12,84	17,39	14,19
De 7 a 9 anos		21,10	26,09	22,58
De 10 a 12 anos		19,27	6,52	15,48
Máis de 12 anos		39,45	47,83	41,94
Total		100,00	100,00	100,00

Tipo de contrato

Se atendemos o tipo de contrato que teñen os enxeñeiros e enxeñeiras en informática que traballan por conta allea queda patente unha gran estabilidade neste sector. O 79,35% de contratos fixos ou indefinidos é síntoma de esta estabilidade.

A inestabilidade laboral non existe nin para os homes nin para as mulleres, tal e como aparece reflectido nas altas porcentaxes de contratos indefinidos ou fixos acadados.

Figura 53. Tipo de contrato(%)




Tipo de exercicio profesional

O exercicio profesional máis realizado por enxeñeiros e enxeñeiras en informática é a elaboración de proxectos informáticos, seguido da dirección destes proxectos informáticos, cun 43,87% e un 25,81% respectivamente.

Tamén cabe destacar que os traballos de elaboración de proxectos informáticos recaen con máis frecuencia nas mulleres que nos homes cunha diferenza de 6,13 puntos porcentuais. Sen embargo pasa xusto contrario na dirección destes proxectos informáticos, onde os homes asumen esta tarefa un 3,78% máis que as mulleres.

Figura 54. Tipos de exercicio profesional por sexo(%)




Os enxeñeiros e enxeñeiras en informática ante as afirmacións “Os proxectos informáticos sempre deberían ir asinados polo seu autor” e “As enxeñeiras e enxeñeiros en informática deberían ter atribucións para que soamente que posúa o título poida asinar os proxectos informáticos” móstranse moi de acordo con ámbalas dúas. Cunhas porcentaxes do 64,52% e dun 74,19% respectivamente.

Táboa 28. Valoración das seguintes afirmacións

		Homes	Mulleres	Total
Os proxectos informáticos sempre deberían ser asinados polo tutor	Moi de acordo	66,06%	60,87%	64,52%
	Bastante de acordo	26,61%	32,61%	28,39%
	Pouco de acordo	7,34%	4,35%	6,45%
	Nada de acordo	0%	2,17	0,65%
	NS/NC	0%	0%	0%
	Valoración Media (puntos, de 0 a 4)	3,59	3,52	3,57
As enxeñeiras/os en informática e técnicos en informática deberían ter atribucións para que soamente quen posúa o título poida firmar os proxectos informáticos	Moi de acordo	74,31%	73,91%	74,19%
	Bastante de acordo	12,84%	19,57%	14,84%
	Pouco de acordo	10,09%	4,35%	8,39%
	Nada de acordo	2,75%	2,17%	2,58%
	NS/NC	0%	0%	0%
	Valoración Media (puntos, de 0 a 4)	3,59	3,65	3,61

Con respecto a necesidade de visar ou non os proxectos informáticos, tanto homes como mulleres comparten a mesma opinión. Máis da metade opinan que deberían visarse dependendo da súa natureza e independentemente do seu destinatario final.

Figura 55. Opinión sobre o visado dos proxectos informáticos por sexo(%)



Tipo de empresa

Para realizar este estudo clasificamos o tipo de empresa en dous grupos principais:

- Sector público(Administración pública ou empresa pública)
- Sector privado(Estatal ou multinacional): Sector TIC ou sector non relacionado coas TIC.

Os traballadores por conta allea traballan principalmente nunha empresa de tipo privada cun 67,74%, sendo a privada estatal a de máis representatividade (34,48% do total).

Polo outro lado a administración e empresas públicas, supoñen o restante 32,26% dos que tan só un 5,16% pertencen a empresa pública.

Figura 56. Tipo de empresa(%)





Figura 57. Tipo de empresa por sexo(%)



Segundo a clasificación da Unión Europea de tamaño de empresa:

- Máis da metade dos enxeñeiros e enxeñeiras en informática traballan nunha grande empresa con máis de 250 traballadores
- Sendo as pequenas e medianas empresas (PEMES) as que menos importancia teñen para este colectivo.

Táboa 29. Número de traballadores aproximado na empresa onde traballa actualmente(%)

	Homes	Mulleres	Total
Menos de 10 traballadores	1,83	2,17	1,94
Entre 10 e 49 traballadores	10,09	6,52	9,03
Entre 50 e 249 traballadores	24,77	15,22	21,94
Máis de 250 traballadores	63,30	76,09	67,10
NS/NC	-	-	-

Nivel estratéxico, nivel táctico e nivel operativo, son os tres niveis principais de responsabilidade. O nivel operativo é o nivel de responsabilidade onde atópanse a maioría dos enxeñeiros e enxeñeiras en informática(55,48%). Xusto no lado oposto atopase o nivel estratéxico cunha representatividade moi escasa, apenas un 3,87%.

O principal nivel de responsabilidade é ser un técnico con responsabilidade e/ou autoridade, que chega a liderar proxectos de maneira puntual (36,77%)

Táboa 30. Nivel de responsabilidade(%)


			Homes	Mulleres	Total
Nivel Estratégico	3,87%	Decide sobre o total dos recursos da empresa	4,59%	2,17%	3,87%
Nivel Táctico	40,65%	Nivel táctico: Xestiona unha área ou departamento	27,52%	4,35%	20,65%
		Nivel táctico: Xestiona un equipo permanente	17,43%	26,09%	20,00%
Nivel Operativo	55,48%	Nivel Operativo: Técnico con responsabilidade e/ou	33,94%	43,48%	36,77%
		Nivel Operativo: Técnico sen responsabilidades e/ou autoridade	16,51%	23,91%	18,71%
NS/NC			0,00%	0,00%	0,00%

Distribución xeográfica

Preguntóuselles a os enxeñeiros en informática que traballan por conta allea fora de Galicia, se lles gustaría traballar nesta comunidade nas actuais condicións de mercado. O resultado obtido foi que máis da metade (61%) estaría disposto a traballar en Galicia.


Cabe destacar que os homes móstranse moito máis dispostos a traballar en Galicia que as mulleres, con case 14 puntos porcentuais máis.

Figura 58. Traballaría en Galicia(%)




Os principais motivos para traballar en Galicia son, por orden de representatividade, “razóns familiares” cun 38% e “para mellorar a calidade de vida” cun 31%

Figura 59. Motivación para traballar en Galicia(%)



Dos enxeñeiros e enxeñeiras que traballan en Galicia un 61,11% estaría dispostos a traballar noutra comunidade. Dos cales un 16,66% traballaría noutra comunidade con toda seguridade.

Figura 60. Traballaría noutra comunidade(%)



A principal motivación para traballar noutra comunidade diferente de Galicia, é a de ascender profesional e economicamente.

Táboa 31. Motivación principal para traballar noutra comunidade(%)

	Total
Por non ser galego	0,00%
Para mellorar a calidade de vida	28,57%
Por razóns familiares	0,00%
Para ascender profesional e economicamente	57,14%
Outras	14,29%
NS/NC	0,00%

Conclusións do apartado:

Xornada laboral

- Un 97,42% traballa a xornada completa, e tan só un 2,58% faino a tempo parcial. A porcentaxe de mulleres que traballa a xornada parcial e algo maior ca de homes, con unha diferenza de 2,52 puntos porcentuais.
- O número medio de anos que os enxeñeiros e enxeñeiras en informática levan traballando como asalariados é de máis de 9, fronte o 1,94% que leva menos de un ano.

- Tipo de contrato
- O 79,35% de contratos indefinidos, é sintomático da estabilidade laboral que teñen os enxeñeiros e enxeñeiras en informática.

Tipo de exercicio profesional

- Principal exercicio profesional é a elaboración de proxectos informáticos, o que representa un 43,87% do total.
- Máis da metade dos enxeñeiros e enxeñeiras en informática móstranse de acordo ante as afirmacións “Os proxectos informáticos sempre deberían ir asinados polo seu autor” e “As enxeñeiras e enxeñeiros en informática deberían ter atribucións para que soamente que posúa o título poida asinar os proxectos informáticos” .

Tipo de empresa

- É máis representativo nos enxeñeiros e enxeñeiras en informática o traballo no sector privado(estatal o multinacional) que o público.
- A gran maioría dos enxeñeiros e enxeñeiras en informática traballa nunha grande empresa (67,10%). Destaca a escasa relevancia das PEMES(10,97%)
- O principal nivel de responsabilidade é ocupar un posto de técnico con responsabilidade e/ou autoridade (36,77%) chegando a liderar proxectos puntualmente.

Distribución xeográfica

- Máis da metade dos que traballan fora de Galicia gustaríalles traballar nesta comunidade nas actuais condicións de mercado, destacando o maior interese dos homes. Os principais motivos serían por razóns familiares ou mellora na calidade de vida.
- Do mesmo xeito, os que traballan en Galicia estarían dispostos a traballar noutra comunidade nun 61,11%. Ascender económica e laboralmente sería a principal razón para realizar este cambio.

2.3.1.2.2.Traballo no sector público

Neste apartado analizamos as características das enxeñeiras e enxeñeiros en informática que traballan na administración pública ou empresa pública, coñecendo o tipo de administración na que desenvolven o seu labor profesional, a categoría á que pertencen, a súa situación laboral previa, así como a posibilidade de compatibilizar o traballo na administración con algunha outra actividade remunerada.

De todos os enxeñeiros e enxeñeiras en informática un 32,26% traballan por conta allea no sector público. De este un 27,10 traballa para a administración pública e o restante 5,16 faino para a unha empresa pública.

Dentro da administración pública dividiuse en diferentes categorías:

- Administración local
- Administración autonómica
- Administración estatal
- Forzas e corpos da seguridade

Segundo estas categorías o 60% dos enxeñeiros e enxeñeiras en informática que traballan para a administración pública, faino para a administración autonómica. Destaca tamén que dentro da mostra non haxa ninguén que traballe para as forzas e corpos de seguridade, o que denota a pouca representatividade desta categoría dentro dos enxeñeiros e enxeñeiras en informática.

Na segregación por sexos destaca a maior porcentaxe de mulleres na administración local e de homes na administración autonómica.

Figura 61. Tipo de administración(%)





Figura 62. Tipo de administración por sexo(%)



Máis da metade (66%) traballa no grupo que lle corresponde polo título que estudaron, o resto dos grupos teñen unha representatividade moito menor.


Táboa 32. Grupo(%)

	Homes	Mulleres	Total
Grupo A1	67,57%	61,54%	66,00%
Grupo A2	27,03%	30,77%	28,00%
Grupo B	0,00%	7,69%	2,00%
Grupo C1	5,41%	0,00%	4,00%
Grupo C2	0,00%	0,00%	0,00%
NS/NC	0,00%	0,00%	0,00%

Catro de cada cinco titulados en enxeñaría informática chegan a administración pública dende un posto de asalariado. O restante 20% repártese entre titulados sen experiencia previa e empresarios-


Destaca que case un 25% dos homes chega sen experiencia laboral, e sen embargo todas as mulleres antes de traballar para a administración pública eran asalariadas

Figura 63. Situación laboral previa a chegada a administración por sexo(%)



Un 18% dos que traballan para administración pública compatibilizan o seu traballo con outras actividades remuneradas. Na segregación por sexos non se aprecian diferenzas salientables, os homes teñen unha porcentaxe maior de compatibilización, pero so de un 3,54%.

Figura 64. Compatibilización do traballo(%)



Conclusións do apartado:

- A maioría dos titulados en enxeñaría en informática que traballan para a administración pública, fano para a administración autonómica, e dentro do grupo A. Catro de cada cinco anteriormente traballaba como asalariado no sector privado.
- Con respecto a compatibilización con outros traballos remunerados, hai un 20% que si o fai.

2.3.1.2.3. Traballo no sector privado

Neste apartado analizamos as características das enxeñeiras e enxeñeiros en informática que traballan por conta allea, pero na empresa privada, tanto estatal coma multinacional. Dividimos o apartado, en tres subapartados. Nos dous primeiros apartados consideramos o tipo de empresa na que desempeñan o seu labor profesional: sector TIC e sector non relacionado coas TIC (outros sectores), para a continuación no terceiro subapartado analizar os aspectos xerais do posto de traballo.

De todos os enxeñeiros e enxeñeiras en informática un 66,06% traballan por conta allea no sector privado. De este un 39,45 traballa para unha empresa privada estatal e o restante 26,61 faino para unha empresa privada multinacional.

Dentro do sector privado dividiuse en diferentes categorías:

- Sector TIC
